

TURQUÍA 2020 TÜRKIYE

Deuses do inframundo. Santuario hitita de Yazılıkaya (ca. 1250 a.C.)
Yeraltı tanrıları. Yazılıkaya Hitit Tapınağı (M.Ö. 1250)

Área de Arqueoloxía

GEAAT

Facultade de Historia
Delegación de Alumnos

DAFHO

Campus de Ourense

Universidade de Vigo

11ª viaxe de estudos arqueolóxicos 11. arkeolojik çalışma gezisi

Promovida e organizada como sempre pola área de Arqueoloxía, integrada no GEAAT (Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio), e mais pola Delegación de Alumnado da Facultade de Historia (DAFHO), a 11ª viaxe arqueolóxica desde Ourense será novamente a Turquía, país ao que voltaremos por 3ª vez, percorrendo nesta ocasión as rexións do Bósforo (Istanbul) e Anatolia central (Ankara), onde visitaremos os principais xacementos e museos das culturas hitita, frigia, grecorromana e bizantina.

<p>2010 INGLATERRA</p> 	<p>2011 TURQUÍA (oeste)</p> 	<p>2012 ALEMANIA</p> 	<p>2013 GRECIA</p> 	<p>2014 ITALIA (norte)</p> 
<p>2015 TURQUÍA (centro-sur)</p> 	<p>2016 BÉLXICA</p> 	<p>2017 MARROCOS</p> 	<p>2018 ITALIA (sur)</p> 	<p>2019 BULGARIA</p> 

Xa sabedes que a filosofía inspira estas viaxes é que sexan culturalmente atractivas, centradas na temática arqueolóxica e patrimonial, pero moi diferentes dos packs turísticos convencionais ofertados nas axencias de viaxes. De feito, caracterízanse por seren totalmente autoxestionadas, bastante alternativas (ás veces mesmo algo `aventureiras`), moi participativas e colaborativas e, sobre todo, o mais low cost posible.

TURQUÍA 2020 TÜRKIYE

DATAS

❖ Venres 21/02/2020 – Domingo 01/03/2020

Total: 10 días durante a semana do Entroido. Turquía: 9 pernoctacións, estadía de 8,5 días reais.

ESPECIFICACIÓNS

- ❖ Billetes de avión *low cost* Madrid-Istanbul-Madrid (*Turkish Airlines* ou *Ukraine Intl Airlines*), equipaxe de mán incluído.
- ❖ Desprazamento Ourense-Madrid (ida e volta) en coches particulares achegados polos participantes, incluíndo gastos de gasolina, autoestrada e *parking* de longa duración no aeroporto.
- ❖ Desprazamentos por Turquía en coches ou furgonetas alugadas, gastos de combustible e *parking* incluídos.
- ❖ Aloxamento en Hoteis en habitacións dobles a sextuples, con baño no cuarto e co pequeno almorzo incluído.
- ❖ Manutención por libre (non incluída no orzamento da viaxe). O habitual é aprovisionarse adecuadamente e facer as comidas nos sitios ou polo camiño; as ceas soen ser “de sentado” nos lugares onde se pernocta.
- ❖ Xestión de entradas nos xacementos, monumentos e Museos a visitar. Asesoría para obtención do visado.


PRAZAS

- ❖ **Máximo de 25/27 prazas** (5 coches de 5 prazas ou 3 furgonetas de 9 prazas).
- ❖ Prioridade para alumnos, profesores, egresados e investigadores de Historia da Uvigo (grao, licenciatura, máster/doutoramento) que estean directamente relacionados coa arqueoloxía, e para todos aqueles que acheguen infraestruturas necesarias para a viaxe (conductores en Turquía, coches ao aeroporto de Madrid). Se houberse prazas libres, tamén poderán participar alumnos/egresados procedentes doutras titulacións afíns da Uvigo, doutras universidades e incluso acompañantes externos.

PROGRAMA (provisional)

- Venres 21 de febreiro VIAXE
 - Saída de Ourense (04:00). Desprazamento automóbiles particulares Ourense-Madrid (04:15-09:15). *Parking* longa duración *AparcaYDespega* e desprazamento ao aeroporto (09:30-10:30).
 - Avión Madrid-Istanbul (12:15-18:35).
 - Alugueiro de coches/furgos e desprazamento ata Istanbul (19:00-21:00)
 - Aloxamento en Istanbul
- Sábado 22 de febreiro ISTANBUL
 - Visita Museos/Xacementos de **Istanbul** (Museo Arqueolóxico, Hagia Sophia)
 - Aloxamento en Istanbul
- Domingo 23 de febreiro ISTANBUL
 - Visita Museos/Xacementos de **Istanbul** (ruínas urbanas, cisternas)
 - Aloxamento en Istanbul
- Luns 24 de febreiro ISTANBUL-ANKARA
 - Visita Museos/Xacementos de **Istanbul** (bazar)
 - Desprazamento Istanbul-Ankara (450 kms 4h45m)
 - Aloxamento en Ankara
- Martes 25 de febreiro ANKARA
 - Visitas Ankara (Museo, Termas, Templo)
 - Aloxamento en Ankara.

TURQUÍA 2020 TÜRKİYE



➤ Mércores 26 de febreiro

HITITAS

- Desprazamento Ankara-Bogazkale (200 kms 2h20m)
- Visitas Hattussas, Yazilikaya, Alacahoyuk (xacementos hititas)
- Desprazamento Bogazkale-Ankara (200 kms 2h20m)
- Aloxamento en Ankara

➤ Xoves 27 de febreiro

FRIGIA

- Desprazamento Ankara-Afyonkarahisar (260 kms 3h)
- Visitas Gordion, Yazilikaya, valle Pyrgio
- Aloxamento en Afyonkarahisar

➤ Venres 28 de febreiro

PISIDIA

- Desprazamento Afyonkarahisar-Yalvac-Kutahya-Eskisehir (360 kms 5h15m)
- Visitas Antioquia de Pisidia, Aizonai, Museo Eskisehir
- Aloxamento en Eskisehir

➤ Sábado 29 de febreiro

NICEA-ISTANBUL

- Desprazamento Eskisehir-Nicea (146 kms 2h)
- Visita Nicea
- Desprazamento Nicea-Istanbul (175 kms 2h10m)
- Aloxamento en Istanbul

➤ Domingo 1 de marzo

VIAXE

- Desprazamento ao aeroporto (40 kms 30m)
- Entrega coches alugados
- Avión Istanbul-Madrid (14:05-16:45)
- Recollida dos coches no *Parking* longa duración *AparcaYDespega*. Desprazamento automóbiles particulares Madrid-Ourense (18:30-23:30). Chegada a Ourense (24:00).

TURQUÍA 2020 TÜRKIYE

ORZAMENTO (provisional)

○ Automóbiles particulares Ourense-Madrid-Ourense (gasoil+autoestrada+parking)	035 €/persoa
○ Avión Madrid-Istanbul-Madrid, equipaxe de man incluído	180 €/persoa
○ Automóbiles 9 días (alugueiro+gasolina+parking)	072 €/persoa
○ Aloxamento Turquía 9 noites (ca. 12 €/persoa/noite)	108 €/persoa
○ Entradas en Museos, varios e imprevistos	055 €/persoa

TOTAL	450 €/persoa

PREINSCRIPCIÓN, ADMISIÓN E PAGAMENTO

- ❖ Tódol@s interesad@s deberán preinscribirse telemáticamente ó traveso do blogue <http://viaxesarqueou.blogspot.com.es>, cubrindo e enviando os datos solicitados na ficha de inscrición. O prazo para facelo remata o xoves **12 de decembro de 2019**.
- ❖ A **listaxe de admisión** (incluíndo lista de espera se fose necesario) sairá o **luns 16 de decembro**, e será comunicada persoalmente, por mail, a tódol@s preinscrit@s.
- ❖ Os admitid@s deberán efectuar un **primeiro pagamento de 300 €**, a xeito de confirmación e reserva de praza, ata o domingo **22 de decembro de 2019**. As prazas dos que non paguen en tempo e forma inmediatamente serán ofrecidas ós da listaxe de reservas. O segundo e último pagamento (150 €) será ata o luns 13 de xaneiro de 2020.
- ❖ Sistema de pagamento: transferencia bancaria á conta **ES58 0073 0100 5204 3664 6371** (OpenBank, Grupo Santander), indicando no "concepto" o nome da persoa que acude á viaxe. Tamén se pode facer un ingreso en efectivo nesta mesma conta en calquera oficina do banco Santander (neste caso enviar despois copia do xustificante a fermin@uvigo.es).
